

## Casa Lar das Pías

Casnaloba, 26  
32678 Xunqueira de Ambía (Ourense)  
Teléfono: 646 100 158/988 267 663  
E-mail: reservas@lardaspias.com  
Web: www.lardaspias.com



### INFORMACIÓN XERAL

O aloxamento está situado nunha pequena vila na senda da Vía da Prata, posúe unha colexiata declarada monumento nacional. A pedra, a madeira e a cor están presentes en todos os cantos da casa, ofrecendo unha imaxe rústica e comfortable. Dispón de 5 cuartos dobres, unha especial adaptada para persoas con minusvalía e un apartamento dúplex.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O establecemento encóntrase na zona urbana, a rúa de acceso está en lixeira costa e o pavimento é duro, antiescorregadizo e homoxéneo.
- Carece de estacionamento propio.

#### Acceso

- A casa ten varios accesos dependendo do número de persoas ou as estancias que se contraten. A porta analizada é a máis próxima ao cuarto adaptado e dá acceso directo ao salón-comedor da casa.
- A porta da casa abre cara a dentro, ten un ancho libre de paso de 1,05 m e dispón dun timbre exterior á mesma altura. Dende alí accédese ao cuarto adaptado, ao salón, aseos comúns e ás escaleiras de acceso á segunda planta onde se encontran os demais cuartos.

#### Salón-Comedor

- Unha vez no interior, existe unha porta cun oco de paso de 74 cm seguido dunha rampla de 1,10 m de longo, 80 cm de ancho e cunha inclinación do 17,6%.
- Existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O espazo mínimo entre mobles é superior a 80 cm.
- A mesa mide 75 cm, baixo esta hai un espazo de 63 cm de alto, 67 cm de ancho e 60 cm de fondo.

#### Cuarto adaptado ('Ocre')

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta mide 76 cm de ancho e abre cara ao interior. Antes e despois desta existe un espazo de

1,50 m de diámetro que permite efectuar as manobras de xiro.

- A cama ten unha altura de 58 cm e accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de 90 cm de ancho.
- O espazo mínimo entre mobles é de 1 m.
- As portas do armario son abatibles e teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura de 80 cm. O percheiro está fixo a 1,58 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de 76 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 90 cm polo lado esquerdo e 1 m pola fronte, o que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas. O asento está a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga é de presión e está a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a 59 e 75 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 75 cm de alto e 30 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,04 m e o resto dos accesorios do baño están a 1 m.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral superior a 80 cm de ancho.
- O chan da ducha é continuo co resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Non dispoñen de cadeira de ducha homologada.
- Dispón dunha barra de apoio colocada de forma oblicua a 1 m de altura na parede perpendicular ás billas.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,12 m.

- A ducha ten unha cortina para evitar a fuga de auga.

#### Cociña

- O itinerario é accesible e a porta ten un ancho libre de paso de 67 cm.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedeiro están a 88 cm de altura, teñen mobles debaixo polo que non permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- Os andeis superiores están a unha altura de 1,79 m.
- Os andeis inferiores están a unha altura de 90 cm.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura entre 50 cm e 1,70 m, o conxelador está a 70 cm.
- Dispón de lavalouza e de lavadora.

#### ACCESIBILIDADE VISUAL

##### Acceso

- A porta de acceso é de madeira.
- No salón e nos corredores de circulación o pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con minusvalía visual.

#### Cuarto estándar ('Azul')

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con minusvalía visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- O baño dispón de bañeira a unha altura de 45 cm e cun biombo abatible e de vidro sen sinalizar.
- Carece de información en braille dos servizos prestados.

#### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

##### Cuarto estándar

- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como despertador.
- Existen enchufes ao lado da cama.

##### Sinalización

- O aloxamento non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.

##### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Otras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Escaleira	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. N.º de chanzos por tramo: 14. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 20 cm. Fondo da pegada: 29 cm. Con tabica: Sí. Con bocel: Sí. Zócolo de protección lateral: Sí. Altura de pasamáns: A un lado, 1,04 m. Oco baixo a escaleira protexido: Non existe.
Aseo Común			Non existe aseo común adaptado xa que cada cuarto ten o seu aseo propio.